



## 2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



**1. A produción de aire medicinal in situ nun centro hospitalario pódese levar a cabo mediante:**

- A) Mestura de nitróxeno e oxíxeno medicinal exclusivamente.
- B) Conxunto compresor–cadea de filtración exclusivamente.
- C) Mestura de nitróxeno e oxíxeno medicinal e/ou conxunto compresor–cadea de filtración.
- D) Obtense pola hidrólise da auga exclusivamente.

**2. É posible conectar un caudalímetro de oxíxeno medicinal nunha toma de baleiro ou de aire medicinal nunha habitación hospitalaria?**

- A) Na de baleiro, non; na de aire medicinal, sí, xa que coinciden os conectores e as presións.
- B) Sí, tanto na de baleiro como na de aire medicinal, son equivalentes.
- C) Cada instalación ten o seu adaptador e unha toma diferente polo que é imposible a conexión.
- D) Só se purgamos a tubería ata as chaves de paso previas.

**3. Atendendo ao ámbito de aplicación do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE). Cal das seguintes afirmacións é verdadeira?**

- A) Só se aplicará ás instalacións térmicas nos edificios de nova construción.
- B) Aplicarase a calquera modificación realizada nas instalacións térmicas existentes.
- C) Aplicarase no relativo ao mantemento, uso e inspección de todas as instalacións térmicas, coas limitacións que no mesmo se determinan.
- D) Cando unha instalación térmica sexa parcialmente reformada, seralle de aplicación o RITE en vigor á totalidade da instalación.

**4. Segundo o Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas, as instalacións frigoríficas de nivel 2 inspeccionaranse:**

- A) Cada dous anos.
- B) Cada catro anos.
- C) Cada dez anos.
- D) Cada quince anos.

**5. Segundo o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas, cada canto tempo se debe realizar as inspeccións periódicas das instalacións receptoras alimentadas desde a redes de distribución?**

- A) Cada catro anos.
- B) Cada cinco anos.
- C) Cada seis anos.
- D) Cada dez anos.

**6. Para unha protección contra as correntes de disparo por sobrecarga e cortocircuito, sendo un interruptor automático de curva B. Cal das seguintes descripcións é a verdadeira?**

- A) O disparo térmico será entre 3 e 5 veces a corrente asinada  $I_n$ .
- B) O disparo magnético será entre 3 e 5 veces a corrente asinada  $I_n$ .
- C) O disparo térmico será entre 5 e 10 veces a corrente asinada  $I_n$ .
- D) O disparo magnético será entre 5 e 10 veces a corrente asinada  $I_n$ .

**7. Nunha instalación eléctrica fotovoltaica. Que é un string?**

- A) Célula dun panel fotovoltaico.
- B) Tipo de inversor.
- C) Grupo de paneis solares fotovoltaicos conectados en serie.
- D) Dispositivo seguidor do punto de máxima potencia.

**8. Segundo o Real Decreto 1085/2009 polo que se aproba o Regulamento sobre instalación e utilización de aparatos de RX con fins de diagnóstico médico, as instalacións con equipos de radioloxía intervencionista clasifícanse como de tipo:**

- A) 1.
- B) 2.
- C) 3.
- D) 4.

**9. Segundo a UNE 209001 IN, non é función do Responsable de Electromedicina e/ou Enxeñería Clínica:**

- A) Vixiar e tomar as medidas precisas para que as accións de mantemento sobre os produtos sanitarios activos non implantables sexan realizadas por persoal técnico acreditado, naqueles casos que así se require, ou polo persoal cualificado autorizado para iso.
- B) Propoñer ao titular os programas de xestión e mantemento dos produtos sanitarios activos non implantables.
- C) Especificar, coa suficiente antelación á súa posta en marcha, os requisitos mínimos necesarios para a acreditación do persoal técnico que se encargará do mantemento dos seus produtos sanitarios activos non implantables.
- D) Dirixir os programas de xestión e mantemento dos produtos sanitarios activos non implantables, xa sexan executados a través de persoal técnico propio do Servizo de Electromedicina e/ou Enxeñería Clínica, de provedores de SAT, ou do fabricante ou do seu representante autorizado.

**10. Dacordo coa Guía técnica de Instalacións de Biomasa Térmica en edificios, os almacéns de combustible sólido para calefacción deberán cumprir as súas correspondentes esixencias de seguridade. Cal das seguintes opcións é correcta?.**

- A) Resistencia ao lume da estrutura portante: R90.
- B) Resistencia ao lume das paredes e teitos que separan a zona do resto do edificio: R90.
- C) Non é necesario vestíbulo de independencia en cada comunicación da zona co resto do edificio.
- D) Máximo percorrido de evacuación ata algunha saída do local menor ou igual a 25 m.



11. O pictograma da imaxe que antecede, nun contedor de residuos Clase III, indica:

- A) Altamente contaminante.
- B) Citolóxico.
- C) Risco biolóxico.
- D) Radioactivo.

12. Cada canto tempo hai que realizarlle o mantemento e a inspección a un ascensor de uso hospitalario?

- A) Se o hospital ten menos de dúas plantas: o mantemento realízase cada catro meses e a OCA cada seis anos.
- B) Se o hospital ten menos de catro paradas: o mantemento realízase mensualmente, e a OCA cada catro anos.
- C) Se o hospital ten unha antigüidade menor a 20 anos, o mantemento realízase cada seis semanas e a OCA cada dous anos.
- D) O mantemento realízase mensualmente e a OCA, cada dous anos.

13. Segundo o Regulamento de equipos a presión defínese como “a presión máis alta, nas condicións de funcionamento, que pode alcanzar un equipo a presión ou instalación” á:

- A) Presión máxima admisible.
- B) Presión de precinto.
- C) Presión de proba.
- D) Presión máxima de servizo.

14. Cada canto tempo hai que realizar unha revisión dun tanque de superficie para uso propio con combustible líquido para calefacción, para o que se necesitou a realización dun proxecto para a súa instalación?

- A) 2 anos.
- B) 5 anos.
- C) 10 anos.
- D) 15 anos.

15. Segundo o Real Decreto 337/2014, a corrente mínima asinada dos seccionadores será de:

- A) 50 A.
- B) 100 A.
- C) 200 A.
- D) Dependerá do proxecto de instalación.

16. Preténdese instaurar un sistema de xestión de calidade no Servizo de Mantemento. Que norma ISO debemos aplicar?.

- A) ISO 9001.
- B) ISO 28001.
- C) ISO 27001.
- D) ISO 20000.

17. Entre as funcións do/da Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial do Servizo de Mantemento dun hospital está: (sinale a opción correcta)

- A) A organización e responsabilidade directa do mantemento e conservación das instalacións de todo tipo. Asesorar naquelas dúbidas que xurdan nas obras e reparacións que se efectúen.
- B) Confeccionar proxectos orzamentarios daquelas obras e instalacións que sexan necesarias. Contratar empresas exteriores para o mantemento das instalacións.
- C) Emitir informes sobre todas aquelas cuestións puramente técnicas que lle sexan solicitadas. A seguridade e vixilancia do edificio.
- D) A organización e dirección dos talleres dos distintos oficios que funcionen no hospital con destino a traballos de mantemento e conservación dos edificios e instalacións. Organizar e dirixir o transporte intrahospitalario.

18. A auga purificada é:

- A) Auga destilada.
- B) A necesaria para realizar a hemodiafiltración en liña (HDF-OL).
- C) É a auga destinada á preparación de medicamentos ou de líquidos de diálise que non deben ser necesariamente estériles e exentos de piróxenos.
- D) Auga apta para consumo humano pero pasada por filtros de carbón activo.

19. Segundo o artigo 35 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, para unha empresa de 1.250 traballadores, cantos delegados de prevención lle corresponderían?

- A) 4 Delegados de Prevención.
- B) 5 Delegados de Prevención.
- C) 6 Delegados de Prevención.
- D) 7 Delegados de Prevención.

20. Na tarifa eléctrica 6.1 TD. Cal é o máximo de períodos que aparecen nunha facturación mensual?

- A) 3.
- B) 2.
- C) 5.
- D) 4.

**21. Segundo o CTE no seu documento básico SI, na cociña dun hospital, cunha potencia instalada de 25 Kw. Que sistema de protección contra incendios debemos instalar?.**

- A) Instalación automática de extinción.
- B) Extintores portátiles de eficacia 21A-113B, cada 100 metros cadrados de superficie.
- C) Polo menos, unha boca de incendios equipada.
- D) Hidrantes exteriores.

**22. Un establecemento sanitario que ocupa un edificio de 24 metros de altura, no que se prestan servizos sanitarios en réxime de hospitalización e/ou tratamento intensivo, cunha dispoñibilidade de 180 camas. Segundo o RD 393 de 2007, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección (NBA). Debe dispoñer dun plan de autoprotección?.**

- A) Si, debido á altura de evacuación.
- B) Si, por tratarse dun réxime de hospitalización e ou tratamento intensivo.
- C) Si, polo número de camas.
- D) Non, porque non reúne ningún requisito dos indicados na NBA.

**23. É necesario illar as tubaxes das torres de refrixeración?**

- A) Si.
- B) Non.
- C) Si, cando discorran por un local non calefactado.
- D) Si, cando discorran por un local calefactado.

**24. Un transformador AT/BT denominado Dy11. En que configuración se atopa o circuito primario e o secundario respectivamente?**

- A) Estrela-Estrela.
- B) Triángulo-Triángulo.
- C) Estrela-Triángulo.
- D) Triángulo-Estrela.

**25. Con que periodicidade hai que realizar a drenaxe, limpeza e tratamento do circuíto de torres de refrixeración dunha instalación térmica dun hospital?**

- A) Unha vez ao mes.
- B) Unha vez por tempada (ano).
- C) Dúas veces por tempada (ano).
- D) Unha vez á semana.

**26. A norma UNE-EN 16361:2014, regula todo o concernente á norma de produto e características de prestación de:**

- A) Portas de ascensores e aparellos elevadores.
- B) Portas resistentes ao lume.
- C) Portas peonís automáticas.
- D) Portas de garaxe.

**27. Tendo en conta o apartado 2 caracterización e cuantificación da esixencia do Documento Básico HS Salubridade HS 3 Calidade do aire interior. Sinala a opción incorrecta:**

- A) Nos locais habitables das vivendas debe achegarse un caudal de aire exterior suficiente para conseguir que en cada local a concentración media anual de CO<sub>2</sub> sexa menor que 900 ppm.
- B) O caudal de aire exterior achegado debe ser suficiente para eliminar os contaminantes non directamente relacionados coa presenza humana.
- C) Na zona de cocción das cociñas debe dispoñerse dun sistema que permita extraer os contaminantes que se producen durante o seu uso, de forma independente á ventilación xeral dos locais habitables.
- D) Para o cálculo do caudal de aire dos locais non habitables incluídos no ámbito de aplicación, non se terán en conta contaminantes como a humidade e os cheiros de diversa procedencia.

**28. As salas de ambiente controlado clasifícanse en función do posible risco de infección para o paciente en:**


- A) Risco 1 (Alto), Risco 2 (Medio) e Risco 3 (Baixo).
- B) Risco A (Alto), Risco B (Medio) e Risco C (Baixo).
- C) Risco 1 (Lixeiro), Risco 2 (Moderado), Risco 3 (Medio), Risco 4 (Alto), Risco 5 (Moi alto).
- D) Clase primeira, clase segunda e clase terceira.

**29. Segundo a ITC-BT-38 do REBT. Cal é a sección mínima do cable de equipotencialidade dun quirófano?**

- A) 4 mm.
- B) 10 mm.
- C) 16 mm.
- D) 25 mm.

**30. Segundo o Real Decreto 656/2017 e as súas instrucións complementarias, cal é a capacidade máxima para un bloque destinado a transportar gases tóxicos da Clase 2?**

- A) 500 litros.
- B) 1.000 litros.
- C) 1.500 litros.
- D) 2.000 litros.



31. Segundo o RD 485 de 1997 sobre disposicións mínimas de sinalización de seguridade e saúde no traballo, o sinal con forma rectangular, que se amosa na figura que antecede, con pictograma frecha branca sobre fondo verde, é un sinal de:

- A) Obrigación.
- B) Advertencia.
- C) Emerxencia e evacuación.
- D) Salvamento ou socorro.

32. Segundo o HS5, apartado 4.6, para o cálculo de bombas de elevación:

- A) O caudal de cada bomba debe ser maior que o 125% do caudal suministrado, sendo todas as bombas do mesmo caudal pero de distinta presión.
- B) O caudal de cada bomba debe ser igual ou maior que o 125% do caudal de aportación, sendo todas as bombas iguais.
- C) A presión manométrica da bomba debe obterse como resultado de restar a altura xeométrica entre o punto mais alto ao que a bomba debe elevar as augas e o nivel mínimo das mesmas no depósito, e a perda de presión producida ao longo da tubaxe.
- D) Desde o punto de conexión co colector vertical, ou desde o punto de elevación, a tubaxe debe dimensionarse como calquer outro colector vertical.

33. Segundo o Real Decreto 223/2008, cando se produza un accidente imputable á liña, que ocasione vítimas. En canto tempo se deberán remitir ós Órganos Competentes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e das Comunidades Autónomas, copia de tódolos informes realizados?

- A) Inmediatamente.
- B) Nun tempo non superior a 5 días hábiles.
- C) En un tempo non superior a 15 días naturais.
- D) Nun tempo non superior a 3 meses.

**34. Con obxecto de previr e controlar a lexielose, a revisión do estado de conservación e limpeza dos depósitos acumuladores de ACS realizarase cunha periodicidade:**

- A) Trimestral.
- B) Mensual.
- C) Anual.
- D) Dúas veces ao ano, coincidindo co inicio de tempada.

**35. Segundo o regulamento de instalacións de protección contra incendios (RD 513 de 2017), a vida útil dos detectores de incendios, no caso de que o fabricante non o establecese sería de:**

- A) 5 anos.
- B) 10 anos.
- C) 15 anos.
- D) 20 anos.

**36. Cales dos seguintes locais NON pertence á clase de local I (esixencias moi elevadas)?**

- A) Quirófano.
- B) Paridoiro.
- C) En medicina intensiva, habitacións con pacientes con risco de contraer infeccións.
- D) Habitacións con camas para coidados de prematuros.

**37. Segundo o Documento Básico HE sobre aforro de enerxía, para o cálculo da demanda de referencia de ACS en hospitais, considerarase unha demanda orientadora de:**

- A) 45 litros día por persoa.
- B) 50 litros día por persoa.
- C) 55 litros día por persoa.
- D) 60 litros día por persoa.

**38. A auga de achega que se empregue para a humectación ou o arrefriamento adiabático deberá ter calidade:**

- A) Sanitaria.
- B) Potable.
- C) Depurada.
- D) É indiferente, xa que no calderín do humificador sofre un proceso de ebulición.

**39. A instalación eléctrica de AT/MT dun Hospital. A que inspeccións regulamentarias se deberán someter por medio dunha OCA?**

- A) Só a inspección inicial antes da posta en servicio.
- B) Inspección inicial antes da posta en servicio e periódicas cada 5 anos.
- C) Inspección inicial antes da posta en servicio e periódicas cada 3 anos.
- D) Inspección inicial antes da posta en servicio e periódicas cada 10 anos se a potencia contratada é superior a 500 kW.

**40. Nos tanques de combustible, a partir de que capacidade nominal se deben instalar dispositivos para evitar soborde por enchido excesivo?.**

- A) 2.500 litros.
- B) 3.000 litros.
- C) 3.500 litros.
- D) 4.000 litros.

**41. Nunha lavandería industrial, que é unha calandra?**

- A) Unha máquina de lavado.
- B) Unha máquina de pasar o ferro.
- C) Unha máquina de dobrar.
- D) Unha máquina de empaquetado.

**42. Segundo o artigo 52 da Lei 24/2013, cal das seguintes subministracións non se considera unha subministración esencial?**

- A) Alumeados ornamentais de prazas, monumentos, fontes ou de calquera outro edificio ou sitio de interés.
- B) Hospitais.
- C) Servizos funerarios.
- D) Subministración de augas para o consumo humano a través da rede.

**43. Segundo o R.D. 3/2023 de 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración, indique a resposta correcta:**

- A) A autoridade sanitaria deberá elaborar o Plan Sanitario da Auga en edificios prioritarios.
- B) Os titulares dos edificios prioritarios deberán elaborar o seu Plan Sanitario da Auga.
- C) O Plan Sanitario da Auga en edificios prioritarios é de xestión municipal.
- D) O Plan Sanitario da Auga en edificios prioritarios elabóroa a autoridade competente en cada Comunidade Autónoma.

**44. Segundo o Real Decreto 1029/2022, polo que se aproba o Regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición ás radiacións ionizantes – Clasificación de traballadores expostos, os traballadores clasifícanse en:**

- A) Categoría 1 e Categoría 2.
- B) Categoría A e Categoría B.
- C) Categoría I e Categoría II.
- D) Categoría Primaria e Categoría Secundaria.

**45. No Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, en qué Instrucción Técnica Complementaria se desenvolven as Instalacións Interiores ou Receptores: Sistemas de Instalación?**

- A) ITC-BT-20.
- B) ITC-BT-21.
- C) ITC-BT-22.
- D) ITC-BT-23.

**46. Nun circuito frigorífico que funciona baixo un ciclo ideal de compresión, o refrixerante ao paso pola válvula de expansión sofre:**

- A) Unha baixada de temperatura a presión constante.
- B) Unha baixada de presión a temperatura constante.
- C) Unha baixada de presión e temperatura a entalpía constante.
- D) Unha baixada de temperatura a entropía constante.

**47. O conxunto de actuacións periódicas de supervisión de condicións de estado e funcionamento, programadas previamente para cada instalación concreta, co fin de detectar degradacións, tendencias e desviacións respecto a condicións de partida predefinidas, denomínase:**

- A) Mantemento correctivo.
- B) Mantemento predictivo.
- C) Mantemento preventivo.
- D) Mantemento técnico-legal.

**48. Segundo a Guía para a normalización dos procesos nas centrais de esterilización do Servizo Galego de Saúde do ano 2022, o test de Bowie&Dick (indique a opción correcta):**

- A) O paquete de proba débese colocar verticalmente na posición central do equipo, e horizontalmente, lonxe da porta.
- B) Permite comprobar o correcto funcionamento da etapa de extracción do aire da cámara de esterilización e, en consecuencia, a boa penetración do vapor no paquete de proba.
- C) Se o autoclave se utiliza as 24 h ao día, o test realizarase ao longo do día á hora que mellor nos conveña cada día segundo a carga de traballo.
- D) É de obrigado cumprimento en cada ciclo de esterilización en grandes esterilizadores.

**49. En caso de brote de lexielose, quen coordinará as actuacións dos profesionais, empresas e entidades implicadas?**

- A) O titular da instalación.
- B) Empresa de servizos de terceiros que realicen o mantemento e control da instalación segundo o PPCL/PSL instaurado.
- C) A autoridade sanitaria.
- D) Quen designe o titular da instalación.

**50. Nos tipos de luminarias de interior, atendendo á distribución do fluxo luminoso. Cal das seguintes definicións non corresponde con este tipo de luminarias?**

- A) Directa-difusa.
- B) Directa.
- C) Semidirecta.
- D) Directa-indirecta.

**51. Cal das seguintes afirmacións non é unha obriga do traballador en materia de prevención de riscos segundo o artigo 29 da Lei 31/1995?**

- A) Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados polo empresario, consonte as instrucións recibidas deste.
- B) Non poñer fóra de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes ou que se instalen nos medios relacionados coa súa actividade ou nos lugares de traballo nos que esta teña lugar.
- C) Realizar un traballo ou tarefa encomendada cando non se cumpran os criterios de seguridade ou medidas de seguridade establecidos para a realización do mesmo e que, ao seu xuízo, entrañe, por motivos razoables, un risco para a seguridade e a saúde dos traballadores.
- D) Cooperar co empresario para que este poida garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras e non entrañen riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores.

**52. Que elemento non está presente nunha instalación de gases medicinais nun centro hospitalario?**

- A) Depósitos crioxénicos.
- B) Baterías de reserva de botellas de aire medicinal.
- C) Mesturador de aire medicinal.
- D) Batería de reserva de botellas de argón e acetileno.

**53. Das seguintes actuacións de mantemento realizadas nun Autoclave de vapor, cal se considera mantemento técnico-legal?**

- A) Calibración anual de sondas de temperatura e presión.
- B) Inspección periódica nivel A e nivel C do xerador de vapor.
- C) Substitución do circuíto pneumático cada 5 anos.
- D) Substitución anual de válvulas de seguridade.

**54. Segundo o punto 1.1 da Sección HE3 de Eficiencia Enerxética nas Instalacións de Iluminación. Cal dos seguintes supostos non esta incluído no seu ámbito de aplicación?**

- A) Edificios de nova construción.
- B) Rehabilitación de edificios existentes con unha superficie útil superior a 1.000 m<sup>2</sup>, donde se renove máis do 25% da superficie iluminada.
- C) Construcións provisionais cun prazo previsto de utilización igual ou inferior a 2 anos.
- D) Cambio do uso característico do edificio.

**55. Segundo a UNE 209001 IN, en todos os centros sanitarios deberá existir un Responsable de Electromedicina e/ou Enxeñería Clínica para centros sanitarios de:**

- A) Mais de 150 camas.
- B) Mais de 250 camas.
- C) Mais de 300 camas.
- D) Mais de 500 camas.

56. O titular dunha planta satélite de GNL, é responsable de facer revisar a instalación periodicamente. Dita revisión incluírá as probas e verificacións establecidas na norma:

- A) UNE 60210.
- B) UNE 60250.
- C) UNE 60630.
- D) UNE 60631.

57. Segundo o CTE no seu documento básico SI, cal é o valor característico da densidade de carga de lume nun hospital?.

- A) 280 MJ/m<sup>2</sup>.
- B) 520 MJ/m<sup>2</sup>.
- C) 650 MJ/m<sup>2</sup>.
- D) 730 MJ/m<sup>2</sup>.

58. Segundo a "Guía de xestión de calidade do líquido de diálise da S.E.N.", entre as opcións seguintes, qué sistema non é recomendable para a desinfección da instalación do tratamento de auga de diálise e o anel polo que circula o líquido de diálise?

- A) Tratamento químico (ácido acético, peracético, peróxido de hidróxeno, aldehídos).
- B) Tratamento térmico.
- C) Tratamento térmico seguido de tratamento químico (cloro, alxicida, floculante, controlador pH).
- D) Infusión cloro ao inicio do pretratamento.

59. Cal dos seguintes parámetros non garda relación directa co funcionamento dun respirador de UCI/REA?

- A) PEEP.
- B) Relación I/E.
- C) Volume tidal.
- D) SvO<sub>2</sub>.

60. Cales son os protocolos estándar para a xestión e transmisión de imaxes médicas e datos relacionados?

- A) DICOM e HL7.
- B) HTTP e DICOM.
- C) POP e HL7.
- D) TCP/IP e POP.

61. Estamos a realizar unha reforma nas instalacións térmicas do hospital e vemos que existen varias normas UNE que tratan sobre temas que afectan á reforma. Sinala a opción correcta:

- A) Non temos que aplicarlas, xa que as normas UNE non son de obrigado cumprimento.
- B) As instrucións técnicas do RITE poden establecer a aplicación obrigatoria a normas UNE.
- C) Só serán de obrigado cumprimento se son recoñecidas internacionalmente.
- D) As normas UNE e todos os documentos recoñecidos do RITE teñen carácter regulamentario e son de obrigado cumprimento.

62. Temos un Hospital de 100.000 m<sup>2</sup> de superficie situado en zoa climática I (C=1), ó que lle corresponde, segundo a táboa 2.1 do HE5, un coeficiente de uso de A= 0.000740 e B= 3,29. Segundo o apartado 2.2 do HE5, Cal é a potencia pico mínima a instalar?

- A) 10,69 kWp.
- B) 77,29 kWp.
- C) 329,074 kWp.
- D) 106,9 kWp.

63. Preténdese a construción dun almacén para botellas B5 de osíxeno medicinal, segundo o Real Decreto 656/2017 e as súas instrucións complementarias, cal destas características debemos ter en conta?:

- A) Non está permitido o emprazamento de almacéns das categorías 3, 4 e 5 no interior de edificios con usos hospitalarios.
- B) Para as áreas de almacenamento pechadas, a superficie total de aberturas ou ocos de ventilación non deberá ser inferior a 1/18 da superficie total do solo da área de almacenamento.
- C) Para as áreas de almacenamento pechadas a ventilación será suficiente e permanente de modo que estea libre de gases ou vapores perigosos, para o que se deberá dispoñer de aberturas ou ocos con comunicación ao exterior, distribuídos convenientemente en zonas altas e baixas.
- D) Deberanse ter en conta as tres características anteriores.

64. Segundo o Real Decreto 223/2008. Como se clasifica, atendendo a súa tensión nominal, unha liña de 30 kV?

- A) Primeira categoría.
- B) Segunda categoría.
- C) Terceira categoría.
- D) Categoría especial.

65. Ao introducir unha saba nun tren de pasar o ferro, en que parte deste adquire máis velocidade?

- A) Ao paso polos moletóns.
- B) Ao paso polo introdutor.
- C) Ao paso polo pregador.
- D) Na carga aérea.

66. Cal dos seguintes equipos non utiliza radiacións ionizantes para a obtención de imaxes?

- A) TAC (Tomografía Axial Computarizada).
- B) Resonancia.
- C) Telemando Dixital.
- D) Equipo Radioloxía Vascular Intervencionista.

67. De acordo co método de extracción de calor (arrefriamento) ou cesión de calor (quecemento) á atmosfera ou ao medio a tratar, o sistema de refrixeración dunha neveira doméstica podémolo clasificar como:

- A) Sistema directo.
- B) Sistema indirecto pechado.
- C) Sistema indirecto ventilado.
- D) Sistema indirecto pechado ventilado.

68. As baterías de chumbo son clasificadas como residuos:

- A) Residuos non perigosos clase I: residuos domésticos.
- B) Residuos perigosos clase V: outros residuos perigosos.
- C) Residuos non perigosos clase IIb: residuos non domésticos, non específicos da actividade sanitaria.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.



69. Segundo a figura que antecede. Cal é a regra de ouro que se indica co nº3?

- A) Desconectar.
- B) Comprobación ausencia de tensión.
- C) Posta a terra e en cortocircuito.
- D) Prever calquer posible realimentación.

70. Co obxecto de prever e controlar a proliferación da lexiionela, en outubro do 2023 realizouse a última limpeza e desinfección das torres de refrixeración do hospital; estamos a febreiro do 2024 e as torres levan paradas os dous últimos meses. É necesario realizar novamente a limpeza e desinfección para a súa nova posta en marcha?

- A) Si.
- B) Non, porque non pasaron máis de 6 meses desde a última limpeza e desinfección.
- C) Non, porque non levan máis de 3 meses paradas.
- D) Non, porque nestes meses de inverno a temperatura da auga é baixa.

71. Que é e que ocorre nun quench nunha sala de resonancia magnética?

- A) Un quench é a fuga do helio do interior dos equipos de resonancia magnética. Durante o quench o imán pasa a ser superconductor, co que o campo magnético ascende en cuestión de segundos.
- B) Un quench é a fuga do helio do interior dos equipos de resonancia magnética. Durante o quench o imán deixa de ser superconductor, co que o campo magnético descende en cuestión de segundos.
- C) Un quench é a fuga do nitróxeno do interior dos equipos de resonancia magnética. Durante o quench o imán deixa de ser superconductor, co que o campo magnético descende en cuestión de segundos.
- D) Un quench é a fuga do nitróxeno do interior dos equipos de resonancia magnética. Durante o quench o imán pasa a ser superconductor, co que o campo magnético ascende en cuestión de segundos.

**72. Necesitamos instalar un sistema de acumulación para almacenar a enerxía captada diariamente polo sistema de captación solar instalado no hospital. Que relación mínima é recomendable dispoñer entre o volume de acumulación medido en litros e a superficie de captadores medidos en metros cadrados?.**

- A) 65 litros por metro cadrado.
- B) 75 litros por metro cadrado.
- C) 85 litros por metro cadrado.
- D) 95 litros por metro cadrado.

**73. De acordo co RD 614/2001 sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico, a supresión e reposición de tensión nunha instalación de alta tensión, deberán ser realizados por:**

- A) Un traballador autorizado.
- B) Un traballador cualificado.
- C) Un traballador calquera auxiliado por un traballador autorizado.
- D) Un traballador dunha empresa de traballo temporal vixiado por un traballador cualificado.

**74. Que é un equipo de litotricia?**

- A) É un equipo médico que se utiliza para procedementos cirúrxicos para tratar os cálculos renais e biliare.
- B) É un equipo médico que se utiliza para procedementos cirúrxicos enfocados á remoción de cataratas.
- C) É un equipo médico deseñado para realizar procedementos de intervención vascular e de diagnóstico, que permite obter imaxes en tempo real do fluxo sanguíneo.
- D) É un instrumento de corte que permite a obtención de mostras para a súa observación no microscopio.

**75. A autoridade sanitaria sospeita que as instalacións do noso hospital están asociadas a diferentes casos de lexiónela. Cales das seguintes decisións NON lle corresponde á autoridade sanitaria?**

- A) Obrigarnos a realizar unha limpeza e desinfección de choque.
- B) Paralización total ou parcial da instalación.
- C) Obrigarnos á contratación dunha empresa externa para a realización das actividades de prevención e control de lexiónela.
- D) Obrigarnos a realizar reformas estruturais na instalación.

**76. Un centro sanitario dispón dun equipo trifásico de 5000 wat de potencia alimentado dende un cadro eléctrico de planta a 400V, cun condutor de 3x2,5 mm RZ1-K a unha distancia de 68 metros. Calcular a caída de tensión máxima admitida en voltios dende o cadro ao equipo.**

- A) 20 voltios.
- B) 16 voltios.
- C) 9 voltios.
- D) 4 voltios.

**77. Estamos a deseñar unha nova zona de garaxes para o hospital. É de aplicación a sección HS 3 do Código Técnico da Edificación?**

- A) Si.
- B) Non, porque non é un edificio de vivendas.
- C) Si, exceptuando as zonas de circulación dos vehículos do garaxe.
- D) Non. Para os garaxes considérase que se cumpren as esixencias básicas se se observan as condicións establecidas no RITE.

**78. A proba de estanqueidade dun endoscopio realízase:**

- A) Antes da limpeza manual.
- B) Despois da desinfección do equipo na lavadora.
- C) Despois do secado final do equipo.
- D) A proba de estanqueidade realízase na lavadora, no seu primeiro ciclo diario de funcionamento.

**79. Que resistencia a terra deberá ter como máximo a instalación cando teñamos unha protección diferencial de 0.3A?**

- A) 80 ohmios.
- B) 32 ohmios.
- C) 16 ohmios.
- D) 8 ohmios.

**80. Como resultado da visita de inspección a un ascensor do hospital, o organismo de control envíanos un certificado favorable con defectos leves. En que prazo deben estar emendados os devanditos defectos?**

- A) No prazo de seis meses.
- B) Deberán atoparse emendados na seguinte inspección.
- C) No prazo de quince días.
- D) No prazo dun ano.

**81. Nun centro hospitalario temos instalados dous xeradores de calor xemelgos, coa mesma configuración para a evacuación de fumes. Teñen unha potencia térmica nominal 200 kW cada un. Queremos deseñar a rede de condutos de evacuación dos produtos da combustión. Sinala a opción correcta:**

- A) Cada xerador de calor terá obrigatoriamente o seu propio conduto de evacuación dos produtos da combustión.
- B) Poderán ter un conduto de evacuación común.
- C) Poderemos conectar o conduto de fumes con outras instalacións de evacuación sempre que teñamos tiro suficiente.
- D) Poderán ter o conduto de evacuación común sempre que exista un dispositivo que impida o seu funcionamento simultáneo.

**82. No laboratorio do hospital realízase unha ampliación que supón que o seu volume construído pasa de 400 metros cúbicos construídos, a 600 metros cúbicos construídos. Segundo o CTE no seu documento básico SI, como quedaría a clasificación de risco?.**

- A) Non sofre variación, segue considerándose de risco baixo.
- B) Pasa de risco baixo a risco medio.
- C) Non sofre variación, segue considerándose de risco medio.
- D) Pasa de risco medio medio a risco alto.

**83. Desde Quirófano comunicannos que un aparello de anestesia e reanimación deixou de funcionar. Segundo as funcións establecidas no Estatuto Marco, o operario/a que debemos enviar para revisar o devandito equipo debe pertencer á categoría de:**

- A) Calefactor/a.
- B) Electricista.
- C) Mecánico/a.
- D) Técnico/a de electromedicina.

**84. Segundo a ITC-RAT-06 a manobra dos interruptores poderá efectuarse:**

- A) Da forma que se estime máis conveniente: mecanicamente, por resorte acumulador de enerxía, electricamente por solenoide ou motor, por aire comprimido, etc.
- B) Preferible mecanicamente ou por aire comprimido.
- C) Preferible por resorte acumulador de enerxía.
- D) Preferible electricamente por solenoide ou motor.

**85. Segundo a ITC-BT-05 do REBT. Que instalacións eléctricas de BT precisan o certificado dunha OCA para a súa legalización?**

- A) Consultorio médico con 200 m<sup>2</sup> de superficie útil.
- B) Edificios para oficinas de empresa sin atención ao público.
- C) Redes aéreas ou subterráneas de distribución.
- D) Locais con risco de incendio e explosión de Clase II.

**86. ¿Qué é un vaporizador nun equipo de anestesia?**

- A) É un instrumento deseñado para facilitar o cambio dun anestésico líquido á súa fase vapor e subministrar unha cantidade controlada deste vapor de fluxo de gases que chega ó paciente.
- B) É un dispositivo que mide a cantidade de gas en movemento. Adoitan atoparse graduados en ml/min e en l/min.
- C) É un dispositivo que normalmente consta de manguera e unha máscara facial que se conecta sobre o nariz e a boca do paciente. Por este dispositivo subministra a anestesia ó paciente.
- D) É un recipiente que contén cal sodada, un axente absorbedor que se emprega para conducir os gases ao paciente e eliminar o CO<sub>2</sub>.

**87. Nunha instalación de vapor, que función teñen os purgadores?**

- A) A función principal é a de eliminar o aire da instalación.
- B) Descargar o condensado sen permitir o escape do vapor.
- C) Descargar o vapor.
- D) Realizar a purga de sales disoltos no condensado.

**88. Na central frigorífica do hospital temos dúas enfriadoras de auga (fluído secundario) de sistema compacto con condensador incorporado cunha potencia eléctrica instalada nos compresores de 100 kW cada unha delas e utilizan como refrixerante o R-134a. Segundo o risco potencial da instalación, en que nivel se clasifica?**

- A) Nivel 1.
- B) Nivel 2.
- C) Nivel 3.
- D) Nivel 4.

**89. Nun local de pública concorrencia, polas súas dimensións precísanse 42 luminarias de emerxencia. Segundo a ITC-BT-28 do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, cuántas liñas como mínimo son necesarias para repartir estas luminarias?**

- A) 2 liñas.
- B) 3 liñas.
- C) 4 liñas.
- D) 5 liñas.

90. Nun centro de saúde dispoñémonos a instalar un novo termo eléctrico de 70 kW destinado á produción de ACS. Atendendo á documentación técnica de deseño, segundo o RITE. Que documentación é necesaria para acreditar o cumprimento regulamentario ante o órgano competente da comunidade autónoma?. Sinala a opción correcta:


- A) É obrigatorio presentar un proxecto.
- B) Teremos que presentar obrigatoriamente un proxecto ou substituílo por unha memoria técnica.
- C) Non teremos que presentar obrigatoriamente nin proxecto nin memoria técnica.
- D) É obrigatoria a presentación dunha memoria técnica.

91. Unha vez finalizadas as obras da central térmica do hospital, o director da instalación fainos entrega dunha serie de documentos. Cal dos seguintes non está obrigado a presentar?

- A) O manual de uso e mantemento.
- B) O proxecto.
- C) O certificado de subministración de enerxía.
- D) O certificado da instalación.

92. Estamos a deseñar unha rede de condutos de extracción con ventilación mecánica. Segundo o HS 3 do CTE. É necesario illar os condutos?

- A) Non, en ningún caso.
- B) Si, cando se preveza que nas paredes dos condutos poida alcanzarse a temperatura de rocío.
- C) Si, en extraccións de vivendas.
- D) Si, en extraccións de garaxes.



93. O esquema da figura anterior representa un SAI do tipo:

- A) Line-interactive.
- B) On-line.
- C) In-line.
- D) Off-line.

94. Nun ecógrafo, que relación existe entre a frecuencia de adquisición da imaxe coa resolución e a penetración?

- A) A maior frecuencia: maior resolución e maior penetración.
- B) A maior frecuencia: maior resolución; a penetración depende exclusivamente do índice mecánico.
- C) A maior frecuencia: maior resolución e menor penetración.
- D) Non hai relación entre estes parámetros.

95. Está a deseñarse un consultorio médico cun vestiario de 20 m<sup>2</sup>, 2 aseos de 10 m<sup>2</sup> cada un e un distribuidor de 10 m<sup>2</sup>. Os locais para as consultas son de 13 m<sup>2</sup> cada un. Para que non sexa considerado local de pública concorrencia, que número de consultas tería que ter?
- A) 3 consultas.
  - B) 4 consultas.
  - C) 5 consultas.
  - D) Sería considerado local de pública concorrencia en calquera das opcións anteriores.
96. Nun Hospital con 1.000 kW instalados, 800 kW contratados e 25.000 m<sup>2</sup> de superficie, cunha potencia de suministros prioritarios (Quirófanos, UCI, Urxencias, Diálisis, etc.) estimada de 160 kW. Segundo o REBT para baixa tensión. De canta potencia mínima debería ser o suministro complementario?
- A) 150 kW.
  - B) 160 kW.
  - C) 200 kW.
  - D) 250 kW.
97. Que resistencia a terra deberá ter como máximo a instalación cando teñamos unha protección diferencial de 0,3A?
- A) 16 ohmios.
  - B) 80 ohmios
  - C) 166,66 ohmios.
  - D) 400 ohmios.
98. Nunha torre de refrixeración, que elementos colocamos para mellorar o contacto entre fluídos e polo tanto aumentar o intercambio de calor?
- A) Un separador de gotas.
  - B) Unha ducha.
  - C) Un aspensor.
  - D) Un panel chamado recheo.
99. Preténdese instalar nun Centro de Saúde unha caldeira de biomasa. Tendo en conta a súa eficiencia, cal deberíamos elixir?.
- A) Clase 1.
  - B) Clase 2.
  - C) Clase 3.
  - D) Clase 2 e Clase 3, son válidas.
100. Segundo o regulamento de instalacións de protección contra incendios (RD 513 de 2017), nun sistema de columna seca a toma situada no exterior e as saídas en plantas terán o centro das súas bocas a unha altura de:
- A) 0,70 m. sobre o nivel do chan.
  - B) 0,80 m. sobre o nivel do chan.
  - C) 0,90 m. sobre o nivel do chan.
  - D) 1,00 m. sobre o nivel do chan.

**101. O almacenamento intermedio de residuos dun centro sanitario, como centro produtor de residuos é unha instalación:**

- A) Na cal se almacenan e preparan os residuos orixinados no centro para o seu transporte a un almacenamento final ou para a súa entrega a un xestor de residuos para o seu tratamento.
- B) Na cal se clasifican os residuos orixinados no centro por tipoloxía e cor de contedor para a súa entrega a un xestor de residuos para o seu tratamento.
- C) Na cal só se preparan os residuos orixinados no centro para o seu transporte a un almacenamento final.
- D) Na cal só se almacenan os residuos orixinados no centro para a súa entrega a un xestor de residuos para o seu tratamento.

**102. Os recipientes e contedores utilizados no almacenamento e transporte intracentro de residuos sanitarios biocontaminados, cumprirán as seguintes características:**

- A) Rotularanse cos pictogramas de biorrisco e ous seus textos asociados.
- B) Deberán estar provistos de peche hermético.
- C) Teñen que ser opacos, impermeables e resistentes á humidade.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**103. No panel de illamento dun quirófano. Como deben ser as proteccións diferenciais?**


- A) De clase A.
- B) No panel de illamento do quirófano non pode haber proteccións diferenciais.
- C) De clase SI.
- D) Selectivos.

**104. Dacordo con o RD 486 de 1997, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, se necesitamos medir o nivel de iluminación nunha zona de uso xeral, a que altura do chan a debemos medir?.**

- A) 65 cm.
- B) 75 cm.
- C) 85 cm.
- D) 95 cm.

**105. Nunha secadora dunha lavandería industrial que utiliza vapor saturado para o seu funcionamento, en que punto da liña de vapor se debe instalar un purgador?**

- A) Inmediatamente antes da secadora.
- B) No interior do intercambiador de calor.
- C) Á saída da secadora.
- D) No punto máis alto da secadora.



106. Que é o utensilio utilizado na foto que antecede adxunta para traballos de MT e AT en Centros de Transformación?

- A) Pértiga de rescate.
- B) Pértiga de comprobación de presenza de tensión.
- C) Pértiga de colocación de terra e cortocircuíto.
- D) Pértiga de colocación de fusibles XS.

107. No deseño da central térmica dun centro de saúde, sáenos unha potencia útil nominal a instalar de 600 kW. O combustible utilizado será gas natural. Sinala a opción correcta:

- A) Instalaremos dous ou máis xeradores.
- B) Instalaremos un único xerador.
- C) Poderemos instalar un único xerador se o seu queimador é de tipo modulante.
- D) Teremos que instalar obrigatoriamente 3 xeradores de 200 kW cada un.

**108. Na sala de máquinas da central frigorífica do noso hospital hai instaladas dúas enfriadoras cunha carga de refrixerante de 1.000 kg cada unha delas. Que cantidade máxima de refrixerante para o mantemento da instalación pódese ter almacenado na dita sala de máquinas?**

- A) Non está permitido a almacenaxe de refrixerante na sala de máquinas.
- B) 150 kg.
- C) 400 kg.
- D) 1.000 kg.

**109. Despois de qué intervencións de mantemento ten que intervir a Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR)?**

- A) A UTPR intervéñen despois de calquera intervención, sexa reparación, mantemento ou actualización realizada a calquer equipo ou sala de RX.
- B) A UTPR intervéñen despois de calquera reparación do equipo ou sala de RX.
- C) A UTPR intervéñen unicamente antes da posta en marcha do equipo ou sala de RX.
- D) A UTPR intervéñen despois de calquera intervención que se realice no equipo ou sala de RX que afecte á dose ao paciente.

**110. Necesitamos realizar o cálculo de ocupación dun Centro de Saúde dedicado a servizos ambulatorios e de diagnóstico, segundo o CTE no seu documento básico SI, que densidade de ocupación debemos considerar?.**

- A) 2 m<sup>2</sup>/persoa.
- B) 10 m<sup>2</sup>/persoa.
- C) 15 m<sup>2</sup>/persoa.
- D) 20 m<sup>2</sup>/persoa.